

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

RESOLUCIÓN do 4 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se publica a Resolución do 25 de outubro de 2018 das axudas convocadas na Orde do 27 de xuño de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes de corporacións locais, e se convocan para o ano 2018 (cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020).

Mediante a Orde do 27 de xuño de 2018 (DOG núm. 131, do 10 de xullo), publicáronse as bases reguladoras das axudas da Consellería de Política Social para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes de corporacións locais e convocáronse para o ano 2018.

De conformidade co artigo 13 da antedita orde, a resolución dos expedientes de axuda, logo da fiscalización da proposta facendo uso do previsto no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, corresponde, por delegación, á directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, que deberá resolver no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta.

Así mesmo, o artigo 14 da mesma orde, establece que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entre outras, as correspondentes resolucións. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución do 25 de outubro de 2018, ditada no procedemento BS403E, de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia dependentes das corporacións locais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia (2014-2020), que se xunta á presente resolución no anexo.



Segundo. Comunicar que a Resolución do 25 de outubro de 2018 que finaliza este procedemento esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de 10 días computado a partir do día seguinte da publicación para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

María Amparo González Méndez
Directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

ANEXO

Resolución do 25 de outubro de 2018 ditada no procedemento BS403E de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia dependentes das corporacións locais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia (2014-2020)

Vista a proposta de resolución da Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación de conformidade co disposto no artigo 11.2 da Orde do 27 de xuño de 2018, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia dependentes das corporacións locais, e se convocan para o ano 2018 (cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020), e fiscalizada esta, facendo uso do previsto no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder ás corporacións locais que se relacionan no anexo I as axudas convocadas na dita orde de convocatoria, como consecuencia da aplicación dos criterios de prelación previstos no artigo 12, e segundo o establecido nos artigos 3 e 4 das ba-



ses reguladoras, por un importe total de 712.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.760.0.

Esta axuda pública, está cofinanciada nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e en particular:

Obxectivo temático 10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e aprendizaxe permanente.

Prioridade de investimento 10.5. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e aprendizaxe permanente, mediante o desenvolvemento de infraestruturas en educación e formación.

Obxectivo específico 10.5.1. Mellorar as infraestruturas de educación e formación.

Actuación 10.5.1.4b. Axudas ao investimento en centros de atención á primeira infancia de 0-3 anos e casas niño.

Categoría de intervención CE052. Infraestruturas para a atención e a educación da primeira infancia.

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a Orde HPF/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda supón que o beneficiario acepta ser incluído na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Así mesmo, o beneficiario deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, punto 2.2, do devandito Regulamento (UE) nº 1303/2013.

O método aplicado para determinar o importe subvencionable e o importe da subvención é o de custos reais.



As axudas concedidas condicionaranse ao cumprimento de todas as obrigas establecidas na Orde do 27 de xuño de 2018.

A xustificación da subvención realizarase de acordo co establecido no artigo 18 da orde de convocatoria.

Coa solicitude de pagamento a entidade beneficiaria deberá informar sobre o nivel de logro dos indicadores de produtividade asociados a esta convocatoria de axudas.

O pagamento da subvención realizarase de acordo co establecido no artigo 19 da Orde do 27 de xuño de 2018.

Segundo. Relacionar no anexo II as solicitudes que non poden ser atendidas por terse esgotado o crédito orzamentario e que quedan en reserva para ser atendidas no caso de que quedase crédito libre, ben por producirse algunha renuncia ou ben por incremento de crédito orzamentario destinado a esta subvención, sempre que como consecuencia desta circunstancia se teña liberado crédito suficiente para a correspondente concesión.

Terceiro. Denegar e/ou inadmitir as solicitudes que se relacionan no anexo III, con indicación da causa concreta que motivou a denegación ou inadmisión.

Cuarto. Esta resolución que finaliza o procedemento esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018. A conselleira de Política Social. P.D. artigo 13 da Orde do 27.6.2018. DOG núm. 131, do 10.7.2018. A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. M^a Amparo González Méndez.





ANEXO I
Axudas concedidas

Núm.	Provincia	Concello solicitante	NIF	Escola infantil	Investimento solicitado	Achega concello	Recibiu axuda no ano 2016 e/ ou 2017	Puntos	Axuda concedida
LU-2018/9	Lugo	Trabada	P2706100A	PAI de Trabada	15.000,00 €	3.750,00 €	Non	90	11.250,00 €
CO-2018/24	A A Coruña	Vedra	P1509000D	EIM de Vedra	27.756,50 €	5.600,00 €	Non	90	19.209,96 €
OU-2018/7	Ourense	A Arnoia	P3200400D	PAI de Arnoia	34.972,82 €	3.497,29 €	Non	75	28.702,95 €
CO-2018/27	A Coruña	Neda	P1505600E	EIM Os Pelegríns	11.458,57 €	0,00 €	Non	65	11.458,57 €
CO-2018/32	A Coruña	Cariño	P1509500C	PAI de Cariño	14.953,17 €	0,00 €	Non	65	14.953,17 €
OU-2018/12	Ourense	Melón	P3204700C	EIM de Melón	35.138,24 €	0,00 €	Non	55	34.507,83 €
CO-2018/14	A Coruña	Teo	P1508300I	EIM de Calo/ EIM A Ramallosa EIM Os Tilos	29.203,26 €	7.592,84 €	Si	100	19.465,81 €
CO-2018/21	A Coruña	Arteixo	P1500500B	EIM de Arteixo	38.898,49 €	9.724,63 €	Si	100	18.888,36 €
PO-2018/13	Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	P3606000B	EIM de Vilagarcía de Arousa	61.532,01 €	28.333,75 €	Si	100	32.554,70 €
LU-2018/1	Lugo	Vilalba	P2706500B	EIM de Vilalba	31.149,91 €	6.149,91 €	Si	80	21.262,07 €
OU-2018/2	Ourense	San Cibrao das Viñas	P3207600B	EIM de San Cibrao das Viñas	33.855,94 €	1.834,99 €	Si	75	31.637,11 €
CO-2018/7	A Coruña	Brión	P1501300F	EIM de Brión	26.275,10 €	0,00 €	Si	75	25.792,79 €
CO-2018/8	A Coruña	Ribeira	P1507400H	EIM de Ribeira	16.992,87 €	0,00 €	Si	75	16.992,87 €
CO-2018/11	A Coruña	Negreira	P1505700C	EIM de Negreira	34.327,35 €	0,00 €	Si	75	12.442,65 €
LU-2018/6	Lugo	Lugo	P2702800J	EIM San Fiz/EIM M. Wonen- burger/EIM Serra de Outes/ EIM Gregorio Sanz	23.887,41 €	0,00 €	Si	75	14.021,96 €
CO-2018/13	A Coruña	Melide	P1504700D	EIM de Melide	34.915,12 €	0,00 €	Si	75	34.915,12 €
CO-2018/19	A Coruña	Ordes	P1506000G	EIM de Ordes	34.637,97 €	0,00 €	Si	75	28.211,65 €
CO-2018/22	A Coruña	Ames	P1500200I	EIM O Bosque/ EIM A Magdalena	34.971,34 €	0,00 €	Si	75	23.610,57 €
PO-2018/10	Pontevedra	Sanxenxo	P3605100A	EIM O Tombo/ EIM O Revel	18.511,39 €	0,00 €	Si	75	16.613,89 €
PO-2018/11	Pontevedra	Ribadumia	P3604600A	EIM de Ribadumia	13.069,85 €	0,00 €	Si	75	10.450,99 €
OU-2018/11	Ourense	Barbadás	P3200900C	EIM de Barbadás	33.494,52 €	0,00 €	Si	75	27.333,53 €
OU-2018/1	Ourense	Riós	P3207200A	PAI de Riós	18.341,33 €	1.834,14 €	Si	75	5.709,37 €



Núm.	Provincia	Concello solicitante	NIF	Escola infantil	Investimento solicitado	Achega concello	Recibiu axuda no ano 2016 e/ ou 2017	Puntos	Axuda concedida
OU-2018/6	Ourense	Boborás	P3201400C	PAI de Boborás	33.717,57 €	3.371,76 €	Si	75	26.069,17 €
CO-2018/17	A Coruña	Valdoviño	P1508800H	PAI de Valdoviño	22.416,87 €	2.241,69 €	Si	75	18.956,42 €
PO-2018/7	Pontevedra	Valga	P3605600J	EIM de Valga	25.117,40 €	0,00 €	Si	70	17.876,76 €
CO-2018/33	A Coruña	Miño	P1504900J	EIM A Ceboliña	35.564,78 €	564,78 €	Si	70	31.925,14 €
PO-2018/2	Pontevedra	Vilanova de Arousa	P3606100J	EIM de Vilanova de Arousa	34.800,00 €	500,00 €	Si	65	22.876,66 €
PO-2018/6	Pontevedra	A Estrada	P3601700B	EIM de A Estrada	22.607,91 €	0,00 €	Si	65	22.607,09 €
PO-2018/5	Pontevedra	Rodeiro	P3604700I	PAI de Rodeiro	2.246,40 €	561,60 €	Si	65	571,72 €
LU-2018/16	Lugo	Castro de Rei	P2701000H	EIM Manuela López Besteiro	43.226,83 €	23.226,83 €	Si	65	20.000,00 €
LU-2018/20	Lugo	A Pastoriza	P2704400G	PAI de A Pastoriza	24.296,55 €	3.644,49 €	Si	65	20.652,07 €
CO-2018/1	A Coruña	Boimorto	P1501000B	PAI de Boimorto	35.000,00 €	0,00 €	Si	65	35.000,00 €
PO-2018/1	Pontevedra	Catoira	P3601000G	EIM de Catoira	32.329,47 €	539,24 €	Si	65	3.519,94 €

ANEXO II

Solicitudes en reserva

Núm.	Provincia	Concello solicitante	NIF	Escola infantil	Investimento solicitado	Achega concello	Recibiu axuda no ano 2016 e/ ou 2017	Puntos	Investimento subvencionable
PO-2018/1	Pontevedra	Catoira	P3601000G	EIM de Catoira	32.329,47 €	539,24 €	Si	65	13.155,84 €
OU-2018/4	Ourense	Maceda	P3204400J	EIM Contacontos	29.533,06 €	0,00 €	Si	65	29.533,06 €
LU-2018/8	Lugo	Lourenzá	P2702700B	PAI de Lourenzá	17.612,92 €	0,00 €	Si	65	9.581,54 €
CO-2018/12	A Coruña	Tordoia	P1508500D	PAI de Tordoia	12.825,05 €	0,00 €	Si	65	3.857,53 €
OU-2018/9	Ourense	Vilariño de Conso	P3209300G	PAI de Vilariño de Conso	34.912,38 €	0,00 €	Si	65	20.314,98 €
CO-2018/18	A Coruña	A Baña	P1500700H	PAI da Baña	34.994,76 €	0,00 €	Si	65	28.074,60 €
LU-2018/14	Lugo	O Vicedo	P2706400E	PAI de O Vicedo	34.963,91 €	0,00 €	Si	65	30.569,71 €
CO-2018/28	A Coruña	Val do Dubra	P1508900F	EIM de Val do Dubra	24.022,72 €	0,00 €	Si	65	14.861,02 €
CO-2018/30	A Coruña	Cabanas	P1501500A	PAI As Viñas	34.814,24 €	0,00 €	Si	65	16.583,99 €
CO-2018/31	A Coruña	Cerceda	P1502400C	EIM Os Pillabáns	34.992,23 €	0,00 €	Si	65	31.315,90 €



Núm.	Provincia	Concello solicitante	NIF	Escola infantil	Investimento solicitado	Achega concello	Recibiu axuda no ano 2016 e/ou 2017	Puntos	Investimento subvencionable
LU-2018/19	Lugo	Muras	P2703300J	PAI de Muras	14.246,44 €	0,00 €	Si	65	14.236,62 €
CO-2018/10	A Coruña	Bergondo	P1500800F	EIM de Bergondo	7.391,65 €	1.478,33 €	Si	60	5.913,32 €
CO-2018/15	A Coruña	Cabana de Bergantiños	P1501400D	EIM A Casa dos Títeres	31.806,82 €	0,00 €	Si	60	25.435,48 €
LU-2018/11	Lugo	Cospeito	P2701500G	EIM de Cospeito	34.269,98 €	0,00 €	Si	60	26.208,99 €
CO-2018/6	A Coruña	Santa Comba	P1507800I	EIM de Santa Comba	23.213,37 €	3.213,37 €	Si	55	20.000,00 €
PO-2018/12	Pontevedra	A Cañiza	p3600900i	EIM de A Cañiza	34.993,86 €	0,00 €	Si	55	31.576,34 €
CO-2018/34	A Coruña	San Sadurniño	P1507700A	EIM A Rolada	6.188,00 €	0,00 €	Si	55	6.188,00 €
CO-2018/2	A Coruña	Corcubión	P1502800D	EIM de Corcubión	31.817,75 €	0,00 €	Si	55	24.520,48 €
PO-2018/4	Pontevedra	Ponteareas	p3604200J	EIM de Ponteareas	17.666,00 €	2.666,00 €	Si	50	15.000,00 €
CO-2018/9	A Coruña	Padrón	P1506600D	EIM de Padrón	16.931,20 €	0,00 €	Si	50	5.250,86 €
LU-2018/2	Lugo	Viveiro	P2706700H	EIM de Viveiro	4.308,74 €	0,00 €	Si	50	1.896,14 €
CO-2018/3	A Coruña	Narón	P1505500G	EIM A Gándara/EIM Os Piñeiros/ EIM A Solaina	15.669,11 €	0,00 €	Si	50	931,94 €
CO-2018/4	A Coruña	As Pontes de García Rodríguez	P1507100D	EIM Barosa	14.207,83 €	0,00 €	Si	50	5.841,10 €
LU-2018/7	Lugo	Monforte de Lemos	P2703100D	EIM de Monforte de Lemos	4.209,95 €	421,00 €	Si	50	3.788,95 €
OU-2018/8	Ourense	Vilar de Santos	P3209100A	PAI de Vilar de Santos	10.159,89 €	0,00€	Si	50	8.061,70
CO-2018/20	A Coruña	Trazo	P1508700J	PAI de Trazo	5.715,51 €	0,00 €	Si	50	5.177,06 €
LU-2018/10	Lugo	Palas de Rei	P2704000E	EIM de Palas de Rei	34.699,49 €	0,00 €	Si	50	17.515,46 €
PO-2018/8	Pontevedra	Meaño	P3602700A	EIM de Meaño	21.998,79 €	1.998,79 €	Si	45	20.000,00 €
CO-2018/23	A Coruña	Oroso	P1506100E	EIM A Ulloa	5.995,55 €	0,00 €	Si	45	5.995,55 €
CO-2018/29	A Coruña	Abegondo	P1500100A	EIM Pasiños	19.758,33 €	0,00 €	Si	45	18.275,24 €
LU-2018/3	Lugo	Barreiros	P2700500H	EIM O Bíttere	19.747,02 €	0,00 €	Si	40	19.747,02 €
PO-2018/3	Pontevedra	A Guarda	p3602300j	EIM de A Guarda	18.761,90 €	0,00 €	Si	40	18.761,90 €
CO-2018/26	A Coruña	Touro	P1508600B	PAI de Touro	14.903,62 €	0,00 €	Si	40	14.903,62 €
CO-2018/35	A Coruña	Vimianzo	P1509300H	EIIM Os Vimianziños	3.625,77 €	0,00 €	Si	40	3.406,07 €
OU-2018/3	Ourense	Ramirás	P3206900G	PAI de Ramirás	2.391,25 €	0,00 €	Si	40	1.945,66 €



Núm.	Provincia	Concello solicitante	NIF	Escola infantil	Investimento solicitado	Achega concello	Recibiu axuda no ano 2016 e/ou 2017	Puntos	Investimento subvencionable
LU-2018/4	Lugo	Sober	P2705900E	PAI de Sober	4.288,39 €	0,00 €	Si	40	1.974,05 €
OU-2018/10	Ourense	Celanova	P3202500I	EIM de Celanova	31.884,46 €	0,00 €	Si	40	5.610,26 €
LU-2018/13	Lugo	Carballedo	P2700900J	PAI de Carballedo	966,54 €	0,00 €	Si	40	531,85 €
CO-2018/5	A Coruña	Betanzos	P1500900D	EIM Santiago de la Fuente	14.955,00 €	0,00 €	Si	35	14.955,00 €
CO-2018/25	A Coruña	Lousame	P1504300C	PAI de Lousame	11.308,15 €	0,00 €	Si	30	840,00 €

ANEXO III Solicitudes denegadas/inadmitidas

Núm.	Provincia	Entidade solicitante	NIF	Escola infantil	Causa
CO-2018/16	A Coruña	Concello de Mañón	P1504500H	PAI de Mañón	Non ser elixibles os conceptos solicitados de acordo co establecido no artigo 4.6
LU-2018/5	Lugo	Concello de A Pontenova	P2704800H	PAI da Pontenova	Non ser elixibles os conceptos solicitados de acordo co establecido no artigo 4.6
LU-2018/12	Lugo	Concello de Antas de Ulla	P2700300C	EI de Antas de Ulla	Incumprimento do requisito para ser entidade beneficiaria establecido no artigo 3. 1.a)
LU-2018/15	Lugo	Concello de Guitiriz	P2702200C	PAI de Guitiriz	Por ter desistido da súa petición con base no establecido no artigo 7.3
LU-2018/17	Lugo	Concello de Guntín	P2702300A	PAI de Guntín	Incumprimento do requisito para ser entidade beneficiaria establecido no artigo 3. 1.b)
LU-2018/18	Lugo	Concello de Abadín	P2700100G	PAI de Abadín	Por ter desistido da súa petición con base no establecido no artigo 7.3
OU-2018/05	Ourense	Pasiño a Pasiño, S.L.	B32348898	EI Pasiño a Pasiño	Incumprimento do requisitos para ser entidade beneficiaria establecido no artigo 3.1
PO-2018/9	Pontevedra	Concello de Campo Lameiro	P3600700C	EI de Campo Lameiro	Incumprimento do requisito para ser entidade beneficiaria establecido no artigo 3. 1.a)
PO-2018/14	Pontevedra	Concello de Mos	P3603300I	EI A Porteliña, El Coto Torrón	Incumprimento do requisito para ser entidade beneficiaria establecido no artigo 3.1.a)